



IMPLANTACIÓN DA XORNADA LECTIVA EN SESIÓN MIXTA NO CEIP DE ARZÚA

“Atendendo á Orde do 29 de maio de 2008 (DOG do 6 de xuño de 2008) pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá... xa iniciada a fase de información procederase á votación para o sector das nais, pais ou titores legais do alumnado, logo da convocatoria pola dirección do centro, ante unha mesa constituída para o efecto e composta pola dirección do centro, que a presidirá, e dúas nais, pais ou titores legais, designados por sorteo público, actuando como secretaria ou secretario a persoa de menor idade. En previsión de posibles ausencias, no sorteo designarase titulares e suplentes. O censo electoral deberá expoñerse no taboleiro de anuncios do centro con dez (10) días, polo menos, de anticipación á data fixada para a xornada electoral. As direccións dos centros educativos abrirán un prazo de, polo menos, cinco días hábiles para que as nais, pais ou titores legais poidan presentar reclamacións ao censo. A votación do sector de pais, nais ou titores legais realizarase no centro educativo, nunha única xornada cunha duración establecida pola dirección do centro e que non será inferior a oito horas. **“O voto será, en todo caso, directo, secreto e non delegable. No sector das nais e pais poderán votar a nai ou o pai ou un dos titores legais.”**”

Por todo elo establécese o seguinte calendario:

- 1.- Exposición do censo electoral o día 12 de Marzo de 2015.
- 2.- Período de posibles reclamacións ao censo electoral (do 18 ao 25 de Marzo de 2015).
- 3.- Sorteo público dos pais, nais ou titores legais membros da mesa electoral (19/03/2015).
- 4.- **VOTACIÓN O DÍA 26 DE MARZO DENDE AS 10:00 HORAS ÁS 21:00 HORAS**

*Recórdaselles que teñen exposto o proxecto de xornada mixta no Centro

